

Orde do día da sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 27 de xullo e 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 9/2018, do 29 de xuño.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 26 de xuño ata o 22 de xullo de 2018.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao octavo mes de 2018.
- 4.- Proposición da Presidencia sobre ratificación da Resolución de comparecencia en recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

- 5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega correspondente á subvención nominativa para financiar a programación do ano 2018.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

- 6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2018
- 7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar o programa de Voluntariado Social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2018: accións informativas e formativas.
- 8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias no ano 2018.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

- 9.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Programa de Intermediación laboral".
- 10.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar o proxecto "XXXV Mostra Olería de Buño 2018".

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

- 11.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, cuarta fase.
- 12.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, terceira fase.
- 13.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2018, cuarta fase.
- 14.-Aprobación do modificado 2º da obra de ampliación e mellora do trazado na D.P. 5404 do PK 3,500 ao 6,500 de Xubia á praia de Frouxeira (Narón) .
- 15.-Aprobación provisional do proxecto Modificado nº 1 do de acondicionamento da DP 1603 ao seu paso pola travesía de Ponte do Porto, do P.Km. 0,000 ao 0,330 (Camariñas), do Plan de travesías 2016, segunda fase.
- 16.-Aprobación do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016 – Plan adicional 2ª fase.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 17.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiso para financiar a obra “Camiño do Castro-Cruce Reboredo e outro”
- 18.-Aprobación inicial do expediente de desafectación e cesión urbanística ao Concello de Santiago de Compostela, dunha parte do predio situado na rúa Vista Alegre número 11 (local As Brañas de San Andrés/Pelamios)
- 19.-Aprobación da transferencia á Deputación Provincial da Coruña dos Ramais de conexión do enlace da Autovía AG-64, na contorna do P.K. 36+730, coas estradas DP 7001, DP-7003 e o Polígono Industrial dos Airíos.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

- 20.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Mellora de camiños municipais: travesía do Campo do Oito, camiño de Limpadoiros e camiño e travesía de Teloí”, do Concello de Cabanas, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0010.0
- 21.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Mellora estradas San Lázaro, Antón Paz Míguez e outras” do Concello da Pobra do Caramiñal, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 co código 15.3110.0331.0.
- 22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía para o financiamento da obra de “Acondicionamento acceso á Praia do Lago dende Os Muiños”

23.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento da obra de “Recuperación ambiental do borde marítimo da costa de Abruñeiras. Tramo 1”

24.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento do “Festival de arte urbana. Desordes Creativas 2017”

25.-Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela, Teo e Val do Dubra para regular o proxecto “Parque Compostela Rupestre”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

26.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xuño de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de xuño de 2018.

27.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/06/2018 e proxección a 31/12/2018.

28.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao segundo trimestre de 2018 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

29.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 5/2018.

30.-Aprobación definitiva da Conta Xeral do orzamento da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao exercicio 2017.

31.-Toma de coñecemento da aprobación definitiva do Plan económico - financeiro 2018-2019 (art. 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para o cumprimento da Lei de benestar animal de Galicia.

-Moción do Grupo Provincial Popular en relación coa protección e benestar dos animais de compañía nos concellos da provincia.

-Moción do Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños para a creación de lugares de acollida a persoas refuxiadas nos núcleos rurais de Galicia

-Moción dos Grupos Provinciais de Marea Atlántica e Compostela Aberta en relación coa sinatura do tratado sobre a prohibición de armas nucleares.

ROGOS E PREGUNTAS